



IAR



UXÍO CARRÉ ALDAO
A TERRA CHAMA

9

30 CÈNTIMOS



CAMILLO DIAZ



PUBRICACIÓN QUINCENAL
DE
NOVELAS GALEGAS

L A R

leva publicados os seguintes números:

- A miña muller**, por W. Fernández Flórez.
O Anarquista, por Leandro Pita Romero.
O Pastor de D^a. Silvia, por Aurelio Ribalta
Naiciña, por Leandro Carré Alvarellos.
Os probes de Deus, por L. Amado Carballo.
Martes d' Antroído, por Francisca Herrera.
Antón Piruleiro, por Jesús F. González.
Pantelas, home libre, por R. Otero Pedrayo
A terra chama, por Uxío Carré Aldao

e publicará o sábado 4 de Santiago

O LOBO DA XENTE

novela orixinal e inédita de
VICENTE RISCO

Seguirán quincenalmente outras novelas dos
mellores escritores galegos.

L A R

É a úneca publicación galega que proporciona
quincenalmente aos lêtores unha novela
por 30 céntimos.

* Suscripción á 6 números 1'60 Ptas. *

Administración e Imprenta: Real, 36. - 1.^o A CRUÑA

LAR

REVISTA QUINCENAL

DIREITOR: LEANDRO CARRÉ

ADMINISTRADOR: ANXEL CASAL

Ano 2 * 20 de Xunio do 1925 * No. 9

A TERRA CHAMA

NOVELA ORIXINAL E INÉDITA

POR

UXIO CARRE ALDAO


—◆—
(Portada de CAMILO DÍAZ)




IMPRENTA LAR

Real, 36-1.º

A CRUÑA





A TERRA CHAMA

I

UNHA leda e xuguetona rayola meteuse estrevida pol-as regandixas das mal pechadas contras d'unha fenestra e, cal se quixera que non tardara en se recrear coa visión do ben que lle agardaba, veu á lle bicar agarimoza nas meixelas espertando do doce sono coa súa morna quentadura.

Medio abertol-os ollos e coma quen de pronto se non dá boa conta do sitio onde se atopa, ollou, cursidoso e coma recordando, á seu redor, inda non vencida de todo a preguiza do sono.

O ledo chiar dos paxariños acabouno de espavilar e tivo d'aquela o acordo de que non estaba xa á bordo do barco no que retornara das Américas se non que era na vella casona dos seus pais e na pintoresca aldea de Sergude, o sitio no que pasara a noite.

Ergueuse de medio lado no leito, axexou no seu torno e, aos poucos, foron saíndo da penumbra en que estaban envoltas cousas conocidas abondo e que, malia de non habelas visto facía tempo, lle falaban de outros días.

Eisalou un forte salayo de home satisfeito e logo marmulou coma para sí:

- Xa fai longo tempo que o sono me non tomou como esta noite derradeira, Prestoume ben, pois dormina d'un solo firón.

Tendeuse de novo na cama cheo de ledicia e acochouse coma aquel que quere renuadal-o sono interrompido: mais viróuselle o pensamento que lle trouxo novas ideas.

Desbotando o enmolecemento que parecía querer entalalo, púxose d'un pulo no chan e encomenzou á se vestir o mais apresa que puido.

Foi logo cara á unha das ventans e despechouna de todo. A lus penetrou á torrentes, e o sol, o craro sol do vran de Galicia, encheu de alegría, cos seus dobrados refrexos, a ampla estancia.

Púdose ver estonces que quen abrira a fenestra pol-a que se colaron coa craridade do día os rescen-tes perfumes dos nosos campos, era un, si ben garrido rapaz, dos que teñen no rostro a esvaída color propia de quen resideu longos anos en terra quente.

Ollou un instante pol-a aberta fenestra e foi seguidamente á despechal-as outras do salón.

Era éste un gran aposento d'eses vellos pazos que lle dan tanto carauter á nosa terra. Non tiña o sobrado gran altura, mais si abondo: o piso era de anchas táboas da recea madeira de castaño, chamada a caoba galega; o teito, con fortes vigas e pontonaxe da mesma crase, á modo de artesonado e sin cal nin pintura senón co escuro tono propio que lle dera o tempo: cinco ocos había habertos nas brancas paredes, un á cada costado e tres no frente, sendo o do medio rasgado e deixando paso á unha balcoada co balaustre de pedra e que corria ao longo da fachada, tendo nun extremo a escaleira do patín para baixar á horta.

Os muebles robustos e labrados na mesma ma-

deira de castiñeiro, cal o leito, grande e ancho sostenido por catro fortes columnas solomónicas e cos testeiros con medallas en côres arrepresentando esceas bíbricas. Pendurados nos muros e facendo xogo co leito e os seus dibuxos, grandes cadros con marcos de talla nos que se encerraban pintados lenzos con episodios da vida dos santos. A cabeceira un gran busto, mais de mediocre escultura, tendía os seus brazos amorosos.

Apenas se o mozo arreparou en todo elo. Corría lle présa ollar os campos nativos aos que non topa- ra outros somellantes con ser tan fermosas as terras que visitara. Debruzouse na balcoada, e mudo e chorando á un tempo, entregouse á mais ardorosa das contempraciós.

Era unha d'esas prácidas e sereas mañans que non teñen outras iguaes de non seren nos feliceiros agros galegos: días meigos, soñadores, nos que séntese como a vida xermina e co ela o goce do vivir; días nos que todo sonríe, lus e terra, é cós que a nai natureza entoa seu mais grandioso himno de reconecemento á seu Creador pol-os dons e belezas que acugulou no noso bendito chan.

A lus do sol, como tamizada ao se filtrar por entromedias das follas, pintaba os campos, mentras douraba as outas cúmes dos montes, co'as mais delicadas côres da sua máxica paleta. Verdexaban os campos e bochaban as froles silvestres. O álito de vida da fecundada terra cos ledos rumores do vran vibraban nos ares que arrandeaban mainiñamente as ponlas das albres e os dos frolecidos campos. Os paxariños dando chíos, voaban trazando lrecois de luz no espazo ao ser ferido pol-o sol o irisado do seu plumaxe. Todo era animación e encanto no paisaxe, e todo resoaba cal lira pulsada pol-a man da nai natureza.

Os ollos do rapaz non acougaban xirando a súa vista d'un lado para outro, se non fartando de contemplar a fermosura, regalo do espírito, de canto abranguía n-aqueles campos de bendición e fartura, dos que estivera alonxado.

Sumido na súa estática contemplación, pouco á pouco, un doce enervamento foise apoderando do rapaz e sinteuse tan dominado pol-a calma e profunda paz d'aqueles paraxes deleitosos que non puido se tirar da influencia que o rodeaba e un profundo sentimento de ben estar invadiu o seu espírito, seducido pol-os atractivos do paisaxe.

No fronte por entromedias dos castiñeiros do adro xurdía a espadana da humilde eirexa da parroquia, espadana corqada pol-o sino da redención que somellaba cal si señalara o camiño do ceo, dos que durmían seu derradeiro sono á súa doce sombra.

Sintiu, n-aqueles momentos de esquisita e inefable emoción, o que endexamais sentira, unha tan doce sensación de pracer que acougaba o seu espírito e traguíalle á súa mente novos e falangueiros pensamentos.

Xa facía anos que alí non estivera e así e todo a evocación dos seus días de neno, iban acordando n-él cal se foran cousas do víspera.

Adentrábaselle se apoderando d'él a profunda paz d'aqueles ridentes paraxes; a atmósfera era tan pura e o silencio tan solemne que sintíanse os estalidos das sementes ao romperen as cápsulas que as pechaban, aos mornos bicos do sol.

No meio da súa apacible soedade, sedante para as almas acongoxadas, a paisaxe amostrábase con toda a súa dozura e con toda a súa beleza, non prasmada senón cheia de vida, vendo fumegal-os caseríos tendidos pol-o val e casi cubertos pol-o bosque.

Entre dos seus recordos o mais vivo que tiña era o de aquel venerable petrucio, o señor Manuel, o ferreiro, que tanto afecto lle mostrara e á quen debía o adprender á facel-os íchós para pillal-os paxaros as nasas para coller troitas e anguías nos regachos, as gayolas de vimbios, as bailadeiras e outros mil entretenementos e xogos.

Pero se do vello non s'esquencera, inda menos tiña de haberse esquencido da sua filla, unha tenra e doce rapaza, fina e feituquiña e mais bonita que o mais pintado carabel.

Compañeira dos seus xogos de neno era a única filla do vello. Inda que os seus pais eran aldeans, non estaban carestos de certa educación e como se valían ben pol-o que tiñan de seu, á mais do oficio, procuraban para a sua nena unha enseñanza que non podía recibir na aldeia, poñéndoa nun colexio de monxas en Santiago. Viña â sua casa nas vacaciós, qu'era cando él iba á pasalas suas en Sergude. Conxeniaron ben pronto e non paraban se un non estaba cabo d'outro. O porte e as falas da neniña faciana unha moi outra das demais e así fôrase estreitando mais e mais o afecto entre un e outro e co ir medrando en anos - ¡valentes granadeiros! él tiña doce e ela once -, hastra se deran palabra de noivos, pois os rapaces non fan senón copial-o que ven nos maores, e foron noivos sí, mais co ese amor inocente e sinxelo dos nenos.

Aquel idilio comenzado n-unha noite prácida de luar, ao agarimo d'un castiñeiro ao pé do que sentáranse cansos xa dos xogos, foi bruscamente interrompido.

Unha indisposición da nai obrìgou á todos á retornar â vila. Alí agravouse a doenza e en poucos días morreu a que lle dera o ser. Non foi esta sola desventura a que trouxéranlle as malas fadas; non

tardou en seguila o seu pai, baixo a pesadume da dór pol-a perda da súa amante compañeira. Ao se lembrare d'aqueles días tristeiros sinteu que as bágoas queimábanlle nos ollos.

Veuse así o rapaz, corto en anos, orfo e con mengada facenda. Os parentes, non vendo n-él senón unha carga, largárono para América. Por alí rolou con varia fortuna e longos traballos e de alí acaba de regresar, senón rico de todo, ao menos con que poder pasalo medianamente, mais á costa da saúde, pois viña ben cativo do corpo.

Sendo o tempo axeitado para elo acordou para descanso e ver de recobra-las forzas perdidas, pasal-o vran na casa petrucial, un dos poucos bens que herdara dos seus pais, e n-ela estaba denda a vispora.

Sen se dare conta, cada vez mais, iban os seus pensamentos á se pararen no recordo da súa ami-guiña. Non, non deixara nin un momento de se lembrar d'ela nas terras que correra nin topara con outra que a podera facer borrar da súa memoria. Xa facía mentes de que a súa primeira visita tiña de ser para o señor Manuel e a súa filla.

Estes recordos, xa doces, xa amargurados, foron enchendo súa alma de tenra melanconía. Canso da larga e muda contempración do paisaxe e picando o sol d' abondo, acolleuse á sombra do aposento e deixouse caer nun cómodo sillón, cara ao campo, entregándose por enteiro ás fantasías da súa imaxinación, mentras seus ollos, mirando sen ver, parecían abranguel-a visión d'aqueles prácidos e encantados lugares de egloga.

Viuno á facel-o despertar dos seus ensoños o sentir que alguen subía as escaleiras do patín. Non tardou en se deixar ver no oco da porta a simpática figura d'un home, que si xa vello, inda mostraba

nas feitura do seu recho corpo, que garrido debера ser na sua mocidade. Era o Sr. Manuel.

Ergueuse o rapaz e despois de trocada unha forte apreta, comenzaron sua amistosa chalra.

Pasadas, as primeiras e afusivas verbas entre dos que facían tanto tempo non se viran, interrogou o mozo ao petrucio sobor da sua familia é especialmente interesoulle noticias acerca da filla:

- Xa estará feita unha real moza. eh ¿n' é certo? e añadiu con certo medo que se non acertaba á espricar temendo unha resposta afirmativa:

- Ela xa estará casada ou terá relación con algún rapaz.

No meio da impaciencia do mozo, tardou algo en lle responder o señor Manuel e ao fin falou así:

- Como boa moza váia se a é. inda que á min como pai non me compra o decilo. O que si pódóche contar é que non nos ten con certa aquela á min e a miña dona.

- E ¿por qué?

- Verbo d' eso por que xa fai tempo arropamos n-ela algo que nos da moito en que cavilar. Non nos espricamos en que manará o que lle pasá, á Carmela. Ao revés de total-as rapazas do seu tempo, que non se arredan do traballo, mais lles pres-tan tamén as divirticiós e as conversas coa moza-rría, Carmela vé móla de cote xa fai tempo virada n-outra moi distinta. Xa sabes o risoña, cantarina e falangueira que era, pois agora pásase o día sen que fale mais do preciso. A risa morreu nos seus labios e xa non deixa ouvil-as ledas cántigas.

- Déixame pasmado, Sr. Manuel, co que me conta.

- Pois verás mais aínda, se non fora porque non creio, nin se debe creer en certas cousas, diríase que a miña filla está enmeigada e que n-ela zugan

as meigas chuchonas, pois a sua cara somella cal se fora de cera e non tivera sangue nas veas. Esvaironse as frescas côres das suas meixelas e os seus ollos, cal se os cubrira un neboeiro de tristura, nas suas olladas refrexan tanta melanconía que dá ganas de chorar. Non sei que coita leva agachada no seu peito que así a pon. Por mais que lle preguntemos nada podemos saber d'ela, e sempre nos responde que lle non pasa nada, que nada ten, que son aprensións nosas, mais non nos convence e temos por eso cheos de preocupaciós.

- E non fai vostede algo para o remediar ¿nin consultaron co médico?

- Consultar, consultámola e con algún de moita sona, que tan sô dixo que eso non era mal de eoidado, senón moi aquelado en rapazas novas e que co tempo xa curaría.

- ¿E as distraciós non poideron poñela boa?

- Vaya se facer, facemos pol-a disraer; mais non tiramos proveito algún. Fora d'eso ela non se doe de nada nin queixar se queixa; traballar, traballa como a que mais, no precuro da facenda sendo un verdadeiro tesouro para as labores da casa, e sin que poña endexamais mala cara á canto se lle mande.

- E extraño o que me di

- E mais extraño ainda que á unha rapaza dos seus anos lle non dé por romerías nin bailes e que sin saber porque nin por qué non, non quixera facer caso á ningún mozo dos moitos que lle rondaban a porta. Xa por esto, xa por certo respeito que todos lle teñen, malia da sua formalidade, todos lle teñen presentido que ou romatará por se meter monxa ou ten de se morrer solteira.

Non puido menos de se alegrar o rapaz, hastra certo punto co que ouvira, e parecéndolle xa tempo

de varial-a conversa e levala onde él quería, dixolle ao pai de Carmela:

- Señor Manuel, xa me tarda en vel-a sua filla. ¿Cómo non veu con vostede?

- Ela vir, viña, as ganas lle non faltaban. mais dixerlle que acougara pois non sabía se ti estarías en disposición de recibir visitas.

- Xa sabe que para vostedes sempre están abertas as portas da miña casa, Vaya, vaya, señor Manuel, por ela e dígalle que xa me tarda o vela e o lle falar.

- ¡Bueno! Pois alá vou e non tardaremos.

Saiu o señor Manuel e o rapaz eisalou un salayo de satisfacción. Cheo de impacencia, facéndoselle séculos os minutos, púxose á dar voltas pol-o salón.

Ao sentil-os pasos dos que viñan, non puido resistil-a emoción que de súpeto lle acometeu, sin se acertar á esprical-a causa. Atribuíuna á que inda estaba moi débil e por mais que quixo correr ao balcón para recibilos, non puido dar un paso e todo tremante tivo de se apoiar na táboa para termar do corpo e non dar co él no chan.

Presentáronse na porta pai e filla e o rapaz quedou coma suspenso. O recordo que de Carmela gardaba e que endexamais d'él se esvaíra, apresetáballa co aquela sua gracia e xentileza tan d'ela, e en verdade maxinaba que nada había perdido senón moito habería ganado co paso dos anos. Ao vela, no oco da porta, cinguida co-as rayolas do sol, comprendeu que non se trabucara.

Era ela, si, a mesma dos dias xogoraes, mais na prena frolescencia da vida, e xa toda unha muller sen que por eso as graciosas feituradas do seu corpo houberáanse trocado ou perdido. Era a mesma rapaza que él maxinara, delicada e fina pero que de botón d'ouros dos nosos prados, convertírase na espréndida roseira dos nosos xardíns.

Alta, ergueita, hierática no seu porte. nin moi recia de corpo, somellábase pol-a morbidez e as suas doces e suaves curvas á unha das mais soberbas cariátedes gregas. Todo en ela armónico: o seu rosto un óvalo perfecto; contribuindo á lle prestar maor encanto certo esvaimento na côr que non poideran contrarrestar as mornas caricias do sol nin os fortes bicos do âr.

O semicircul das suas negras sobrecellas presetába-lle gracioso arco aos seus grandes e rasgados ollos, de mouras pupilas, cuyo doce agarimoso ollar, tiña esa melancónica tristura dos polos que suman perdida a sua nacundeidade. O seu nariz recto e fino; a sua boca, de beizos non vermellos senón rosados, ao se entreabir un rictus mais que ledó de tristura, mostraban a brancura de marfil da sua dentadura, a sua barba redonda somellando moldeada pol-a gracia e a xentileza do seu torneado colo, era a do cisne. Servíalle de marco á tan gracioso conxunto unha cabeleira crecha e negra cal a sudana da que o sol somellaba cal se d'ela arringara reflexos metálico ao ferila co'as suas rayolas.

Se non vestía o airoso traxe d'outro tempo das mozas mariñans, había sin embargo n-ela tan natural elegancia e supremo arte no corte e axustie das prendas que, malia da antiestética universalidade dos traxes modernos, facían remarcar sin que ela o pretendese e sin o menor deixe de coqueteria as armónicas proporcións do seu tan garrido corpo.

Ao se veren un cara do outro sentiron ambos á dous o mesmo impulso de correr á se estreitáren entre os seus brazos, como o facían cando nenos. E s'ela á costa de grande esforzo, mantívose firme cos ollos baixos e virada en vermella a brancura do seu rosto, él, non acertou á dar un paso, e tendén-

dolle os brazos, escramou coa mais agarimosa das falas:

- ¡Carmela! ¡Querida Carmela!...

Esta á ouvila voz que así a chamaba, avanzou cal se quixera deixárese caer nos brazos que se lle tendían e con doce e tenra voz que salíalle do corazón respondeulle:

- Xe... - mais parouse e toda trémula e volta de novo á sua pálida côr enmendouse escramando:

- Señorito Xelo...

Roto o encanto, Xelo reprendeuna solermeñamente pois para ela non sería, non podería ser senón o vello amigo e compañeiro de outras veces, pois aquel día non era senón cal a continuación dos tempos pasados.

Sentáronse na balcoada un cabo d'outro e non tendo senón ollos para se miraren e volta á entimidade de nenos, entregáronse ás doces lembranzas dos ridentes días da infancia baixo da máxica invocación do:

- Acórdaste...

II

Logo de arrecadadas algunhas das amistades deixadas de neno, pois faltaban moitos dos seus camaradas da infancia, uns pol-a morte que non respeta edades, outros pol-a emigración que non nos estrevesemos á decidir se é un ben ou un mal, e outros por andaren desperdigados non se sabía porque camiños e sendeiros da vida, foi Xelo encaixando no seu novo xeito de existencia.

O moito exercicio das longas camiñatas xa perdéndose pol-as fondas e sombrosas corredeiras,

xa trepando congostira arriba pol-as pendentes pillando algún descanso â sombra dos piñeirales, carballos e castiñeiros, para chegar por fin, ao cume da montana e se regalar coa vista da magnificencia dos paisaxes d'unha variedade infinita, que non teñen outras terras pol-a súa monótona uniformidade; os ares puros e sans dos nosos campos; a manenza das que chaman ao corpo, todo ibano trocándoo nun moi outro do que chegara; as cativas forzas iban tendo o vigor da mozarria; comenzara á se lle colorear e tostal-o rosto, denantes esvaído; sentía toda a fervor do sangue que se lle renovaba nas veas e todo o seu corpo vibrava ao latexos d'unha nova e forte vida.

Vendo nos seus paseos como as xentes labraban amorosamente a terra, e como ésta recompensaba pródigamente os seus afans; como os neníños apastaban o gando nas verdes pradeiras, beira do río, â sombra das albres e en campos que nin pintados para as églogas e os idilios, comprendeu como fortemente tiñan que estar ligados ao seu chan nativo os galegos; que onde queira que foran, pol-o moi vizosos dos lugares on le se atoparan, tiñan de sentil-a feridora espiña da saudade dos eidos patrios. El mesmo sentira esa vaga saudade, no seu alonxamento da terra nai.

Xelo como n-outros días iba moitas tardes e todas-as noites â casa do ferreiro, gustándolle conversar co'as sinxelas xentes do campo que acudían â forxa, para reparal-os instrumentos de traballo. Pol-as suas conversas adeprendía que ruda é traballo e a vida do labrador e que escravos son estes homes das terras que labran e o gran amor que os cingue ao chan nativo que recompensa os seus sudores e afans, pois en canto para os seus dereitos de cidadans, siguen sendo, na maioría dos casos,

os mesmos escravos de pasados séculos, sen outra diferenca que o troque de nome do amo. Compadeciaos e sentía como suas as mágoas e coitas de aqueles seres sin ventura aos que se lles eisixen deberes sen que se lles concedan dereitos. Eran para él carne da sua carne, cal se fora el mesmo un d'aquelles servos, non tanto do terruño como da vontade de outros.

Mais sempre romataba por ire canto mais cedo podía, á se sentar ao pé da lareira da casa e poñérese de agradable conversa coa nai e coa sua filla Carmela, no intre non chegaba do traballo o señor Manuel, en procuro da cena, antes da que, como debería non haber desaparecido de moitos fogares tan santo costume, rezaban todos en familia o Santo Rósaio.

Moitas noites ao se retirare Xelo para a sua casa, entregábase á fondas meditaciós. Sentíase fortemente atraído por Carmela, e se preguntaba que crase de sentimento era aquél ¿Amistade? ¿Amor?

Non afinaba á definilo; nas suas correirías pol-o mundo, os seus intreses por un lado è o recordo de Carmela, de mais forza que aquéles,, habianno arredado-das mulleres; poidérase dicir que non tivera xuventude n-esta fase da vida. Vira, si, moitas xóvenes bonitas, fermosas, atractivas, pero sempre as ollaba indefrente e, casi sin se dare conta, as comparaba con Carmela e ningunha, ningunha era capaz de facerlle esquencer aquel seu doce e tenro recordo.

Cada vez nótabase mais aprisoado por aquel desio que lle facía buscar todo momento e ocasión en que estar á carón d'aquela que absorvía todo o pensamento e cabo da cal fuxían as horas sin se decatarse d'elas. Un certo aquél interior, e ao que casi non se estrevía á dar creto, facíalle creer que á Carmela lle pasaba o propio. Pareceulle, non d'unha

sola vez senón de moitas, que ao chegar un pouco mais tarde que o de costume a atopaba como inquieta e desacougada, e que ao entrar él, desaparecía aquel âr de incomodo cal se desfai ao calor do sol, a brétema da mañán.

Inquiriuse mais fundamente e comprendeu «que aquel desasosego que tiña no peito era por estare namorado como un tolo da sua compañeira de neno».

E ¡cousa estrana! dende que tal se confesou á si propio, abondoulle co esto para que toda a confianza que se tiñan desaparecera por parte de Xelo.

Difrentes veces quixolle contar á Carmela o estado do seu ánimo e sair d'unha vez da dúbida, mais cruel moitas veces que a certeza das cousas, pero como o verdadeiro amor é tímido e vergoñoso casi que falaba apenas e non acertaba á seguir unha conversa, deixando que os ollos nas suas mudas pero elocuentes miradas dixeran coa sua estática contempración, os seus sentimentos pol-a que se adonara por enteíro do seu corazón.

Correron así varios días deixando o mozo para o seguinte, o estreverse á facel-a sua decraración; pero o tempo pasaba e Xelo, sempre indeciso, se decía: - Mañán, será -, e ese mañán tiña trazas de non chegar.

Veu n-esto a famosa e de tanta sona, romaría de San Benito que se celebra o día de Santiago, na ermita do seu nome na fergresía de Anceis, non moi lonxe de Sergude.

Determinouse por todos, e moi en especial por Xelo ir á ela, porque o rapaz xa facía tempo non vira outras senón o pálido remedo que de aquelas fan os galegos en terras de América como relembranza da sua amada e meiga terra.

Alá foron, ben cedo, para camiñar pol-a fresca e chegar á todo.

Postos de refrescos, doces, roscas, pan, de todo había sen que faltara o tradicional carro do país co gran pelexo de viño, cuberto por unha lona coa táboa e tallos para descanso dos catadores.

Viron acudil-os moitos romeiros ofrecidos ao santo, abogoso para os bocíos, infartos e outros males somellantes. Os uns vestidos cos hábitos mais ou menos caprichosos; os outros con velas de cera tan longas como a súa estatura, e os outros co'as ofrendas; algúns entraban de xionllos na ermita e daban d'un xeito varias voltas en torno d'ela denantes de penetrar no recinto. A devoción e recollimento dos que así facían era proba abondo da súa gratitude ao Santo por habelos escoitado da gran esperanza e fé que poñen nosos aldeans na protección do Ceo, baixo o amparo do que todo o que lles pertenece queda á súa sola garda.

Ouviron a Santa Misa dita á espaldas da capela, en preno campo, tendo por cortinaxe as rodeiras dos castiñeiros e por bóveda a do azul dos ceos. Sendo grandísima a concurrencia non habería sitio para ela no interior da ermita e así en prena natureza un pobo creente tributaba suas oraciós ao supremo facedor de total-as cousas.

No meio do santo sacrificio o sacristán puxo nas mans do devoto de mais preto a tradicional cestilla de varas para recolle-as esmolos dos fieles, dicindo o tradicional *pase de man en man*, e así deu volta á toda a roda de xente chegando á seu primitivo destino, co diñeiro depositado pol-os fieles sen que endexamais se dera o caso de que algún estrevido mermara o seu contido.

Ao alzar estouparon nos ares as formidabres bombas de dinamita, mentras a desafinada murga

deixaba ouvir algúns compases que parecían relembrar a marcha real, que tamén repenicaba o gaiteiro.

Non deixaron de ir á se poñel-o santo co'as frases de ritual do sacristán cando da o golpe coa boeta na testa do creente:

*Dios che quite a enfermédá
e che dea á sanidá
co poder do Ceo
e da Virxen María.*

Un paternoste unha ave María.

Presenciaron a subasta das ofrendas, consistía na súa maoría en pobres hábitos.

Viron como pol-o burato da parede da eirexa metíase dende o atrio ao interior a xente: nenos, homes e mulleres para se curar ou librar de certas enfermidades, e non se riron pouco cando á viva forza intentaron pasar á unha muller, gorda como un cebón e que se quedou atravesada no medio do burato sin poder ir nin para adiante nin para atrás, hasta que case ispida de todo, tiraron tan fortemente d'ela que logrou saír berrando á mais non poder e toda chea de esfoladuras.

O que non lles gustou foron a maor parte dos bailes pois fora d'un no que o gaiteiro bordaba no punteiro enxelas muiñeiras que pulía cos seus redobres o tamborileiro e ao que facían roda tres ou catro parexas, que punteaban a crásica muiñeira os demais eran ao irto són das músicas ou ao dos anti-páticos organillos a cujos ecos entregábase a mozarria aos mais descarados dos *agarradiños*.

Quitoulles esta sabúrro, cando ao estare recobrando as forzas beira do río e â somba dos abeneiros no fondo da suave pendente onde se ergue a ermita entre un poboado soto, arrodéáronos os vellos tocadores de violín que cos seus avispados lazariños recorrían os grupos, dirixíndolles cántigas para

levar d'eles ou unhas perras ou algunha cousa do condumio; pero o que mais lles prestou foi a chegada do vello socarrón tañedor da medioeyal zanfona que cas suas intencionadas improvisaciós fixo vil-os côres â cara â xoven parexa, sober todo â fermosa rapariga.

Xa ao cael-a tarde foise desfacendo a romaría, pois así o mandaban os civiles que asistiran para fermar do orden, e os de Sergude deron volta para as suas casas.

Iban diante a xentil parexa dos dous rapaees, cuáseque sin se dar fala e entregados âs suas meditaciós. O tempo era apacibre e sereo. Morria a luz do día enchendo todo de vago misterio e da mais meiga melanconía. Rasgaban os ares as copras da mocidade que xa en grupos xa apareados ibanse esfumando cada vez mais nas sombras.

A lua, cal un gran grobo de roxa côr, xurdiu por enriba do monte e pouco â pouco virándose en faz de prata tocou co seu poético resplandor os campos que somellaron revestidos de mais pompa e maxestade.

Sintiu Xelo un forte pulo do seu proer e de dar solta aos seus pensamentos, mais o que lle decía tan elocuentemente o seu curazón morreu nos labios. Por fin, tirou do varal, no que iban ensartadas, unha das roscas da festa e pasando un dedo pol-o buxeiro do centro díxolle â Carmela:

— Fai ti o mesmo, e â ver quen se leva a maior parte; o que eso consiga e o que mais quere dos dous. Virouse como a grana Carmela; pero fixo o que lle mandaba Xelo. Ao romperse a rosca, o rapaz foi quen se levou a mais grande porción e d'aquela, xa roto todo o temor, díxolle:

— Xa ves, Carmela, son eu quen mais quere, ti non me tés tanta lei. Agora vai... e cando decidido

á todo iba á lle dar solta á canto lle rolaba no corazón o deixou sen fala un tenro *ala-lá*, ese canto craro e estenso de ritmo sinxelo, cheo de vaguedade e sentimento que vive e reina na nosa terra, canto melancónico que resoa nas soedades dos nosos campos, cando morre o día.

Entoado por unha voz fresca e xuvenil deixouse ouvil-a seguinte cántiga:

*Se a raiz do toxo verde
é mala de desprendere
os amoriños primeiros
sonche malos de esquencere*

Esta copra., cal se fora unha intencionada alusión aos sentires d'aqueles dous corazóns, pechoulles os labios, cando mais abertos estaban para se entenderen os dous rapaces.

Non se deron xa outra fala no camiño: mais ao se despedire na porta da casa, Xelo parou á Carmela deixando ir aos seus pais diante e rápido e decidido, como quen non quere ter tempo á se arrepentir, dixolle:

- ¡Carmela! téñoche de falar seriamente esta mesma noite; mais ten de ser de ti para min. Virei á chamar á tua porta como quen vai de tuna. Dillo aos teus pais para que che den o premiso. ¿Virás? e Carmela toda ruborosa e coa cabeza baixa, respondeulle:

- ¡Virei!

E logo fuxiu avergonzada meténdose correndo portas adentro.

III

Cheo d'ese doce temor co que o amante acode á sua primeira cita, chegou Xelo cabo da casa de Carmela. Tiña medo en chamar, dubidoso entre a esperanza e o desalento. Vacilou longo rato, mais ao fin decideuse e bateu cos cotenos os tres obrigados petos e repinique dos mozos cando van chamar ás portas nas noites de tunar.

Na impacencia que o consumía facíanselle horas os segundos e creía que ninguén lle iba responder. Disposto á recuncal-a sinal, inda como quen di non a acabara de facer, ouviu que dende a cocíña viñan as verbas de ritual ditas pol-a nai da rapaza:

- ¿Quén é?

As que Xelo, apresurado, respondeu co'as consabidas de:

- Quero moza.

Sintiu que alguén se arrechegaba modiñamente á porta e antes de que ésta fora despechada, ao notar que descorrían o taravelo, tivo medo de quen se presentara fora a petrucia para lle ofrecer a ferrada d'auga de despedida, cousa que estaba afeitada á lles dar aos mozos que nos primeiros tempos viñan para parolar con Carmela.

Mais; un ledo momento inda que, quedo moi quedo, chegoulle o doce acento da por él tan deseada que no tremante da fala deixaba trasparental-a sua emoción e demandaba, por mais que sabía ben quen era o que chamaba:

- ¿Quén está ahí?

- ¡Son eu! ¡Xelo!

Desbotada a folla de enriba apareceu no marco a linda visión da xentil figura de Carmela, destacando envolta na roxiza aureola do resprandor da larada do fogar.

Xelo, enmeigado na contempración da ben amada non atinaba á dar fala.

Foi Carmela quen venceu o embarazoso silencio ao lle decir á Xelo, con voz que sonoulle nos ouvidos cal poden soar as voces dos anxes no ceo.

- ¡Aquí estou! ¿Qué me téis que decir que me non poideras decir denantes ou na presenza dos pais?

- Roto o encanto Xelo desbordouse á falar e foille contando á Carmela todo canto tiña agachado no seu corazón facía tempo.

Recordoulle os tempos de cando neno, tanto se querían; de como, sin sabere o que facían, se deran palabra de noivos e logo añadiu:

- Nas miñas correirias pol-o mundo endexamais sentín afecto por ningunha outra muller. Levaba teu recordo aceso no meu corazón e cando quería verte non tiña senón de pechal-os ollos. Ti e non outra cousa, inda non mo confesara, foi o que mais mandou en min para-o meu regreso e o que mais me obrigou á vir á estes lugares. Sentía o meu amor sen conocele; coidaba ser tan sômentes amizade a boa lei que che tiña; mais hoxe vexo que eres por enteiro a miña dona do meu corazón. Dime tí, leyal e sinxelamente, se conservas para min a mesma estimación e que é o que debo agardar, se a miña felicidade ou a miña eterna desesperación. Fala.

- Eu ¿qué hei de che decir, Xelo? Vouche falar, quizais estrevidamente; mais son filla da natureza e direiche, sin desfiguralo por medias palabras, cales son os meus sentimentos para tí. Outra, unha señorita da vila, diríachas valéndose de frases re-

buscadas, mais eu non recelo en decirche a verdade enteira. Dende ben nena ganaches meu afecto. Ao te marchares para a América, cavilando de que quizais non te volvería á ver, sintín que miña alma íbase tras da tua. Fuxiu de min a alegría e consagreime por complot ao teu recordo e á meu amor.

- ¡Carmela! ¡miña Carmela!

- Déixame seguir, se queres que teña azos para romatar o que me falta. Cando xa moza, viñanme cortical-os rapaces, sentía unha pena moi fonda; non era Xelo o que viña, e deixábaos que se foran desenganados; se iba aos bailes, ás romerías ou á outras diversións, medraba a miña tristeza; alí non estaba Xelo. Ninguén se deprecitou da causa das miñas tristuras; todos o xugaban unha d'esas raras doenzas das mulleres; non era, Xelo, senón o moito amor que che gardaba...

- ¡Ou Carmela! ¡bendita seas por esas doces falas que tanto ben me fan!

¡ Si Xelo, si, créemo: ti fuches o meu primeiro amor e terás de sel-o derradeiro.

- ¡Carmela! ¡Carmeliña! ¿logo queres sel-a miña dona por toda a vida.

- Eso non, Xelo.

- ¿Non? e ¿porqué se é verdade tanto cariño como me dis?

- Pois por ese mesmo cariño, porque quero que sea eterno e non se vexa esposto á mengoar ou desaparecer.

- Non che entendo ¿é que ouvín mal?

- Non ouviche mal, non, atende:

Eu son filla d'estes campos, e ti non podes saber canto mandan en nós. Dende ben pequenos os traballamos e coidamos e eles corresponden aos nosos cariños rindíndonos o froito da semente depositado no seu seo. É como un amor que endexamais des-

parece e que arrequece de día en día, amor que non nos ha de faltar mentras vivamos. O amor dos homes, por moi namorados que se nos amostren é moi fácil de se quebrar mais cedo ou mais tarde ten o seu devalo...

- Pero, Carmela, eu xúroche...

- Non xures, e sigue escoitando, e verás como ti tés de me dal-a razón. Non sintas estraneza porque unha rapaza aldeán che fale d'este xeito. Ti ben sobes que a miña educación foi moi outra da que desgraciadamente reciben as demais.

- Seino, si, ¿pero á que ven eso agora?

- Verás: as mulleres do campo temos sempre dous amores: o da terra que che dixeron e o amor de que ti falas; pois verbo d'eso porque para sermos felices os nacidos, como eu, precisamos d'esos dous amores, e que sean tan duradeiros un como o outro; eihí tés porque, eu que tanto che quero, quero tamén que o teu cariño sea infinito como o meu.

- Serao eterno, sin fin...

- Eso é para dito no momento dos entusiasmos, mentrasmentes perdure a ilusión... mais despois na realidade da vida, lonxe do campo onde todo é poesía, cando na vila compares á tua muller, tan diferente das demais, educada, si, pero sempre coa rusticidade das aldeans, chegará aprésa o desencanto e o que é mais de temer o medo ao ridículo, e esa arma, convencionalismo da envexa, matará en ti o amor, e eu, sabes ben, non quero, nin que morra o teu cariño, nin que ao me faltar éste, me falte tamén o da terra, alonxadada d'estes lugares.

- Carmela, non o cavilas ben, ti toleas: eu serei sempre teu fiel Xelo...

- Non aventuras o que tal vez non poderás cumprir, inda que agora tan firmamente o creas; déixame coa miña coita e co fondo sentimento de che mais

non ver; pero déixame co meu gran amor e coa esperanza de que o teu há de perdurar.

Abondaráme ese tristeiro consolo para que a miña vida de maores acidumes teña unha doce rayola que a faga mais levadeiras e que as miñas mágoas teñan o consolo de que te amo, sin ver cumpridas as miñas ánsias, en troques hai no mundo unha alma xemela da miña que tamén ama, e que unida á miña pol-o mesmo sentimento sofre ao par os mesmos ferros e as mesmas coitas.

Así poderei conservar os meus dous quereres: o teu e da miña terra. Por eso os defendo. Non, non pretendas quitarme hoxe un, se mañán me has de deixar sin outro.

- Terás sempre os dous e serás sempre a miña amantísima dona.

- Non, non confío en palabras... mais xa temos falado abondo, Sinto que as forzas me faltan e non podo mais, Non me esquezas como eu non te hei de esquecer. E agora... se teu querer é tan grande coma o meu, se queres darme a proba de que así é, vaite... vaite lonxe, moi lonxe d'aquí e lémbtrate de que deixas n'estas terras á quen tanto te ama, á quen seu derradeiro pensamento e suas derradeiras verbas han ser para ti...

¡Adios, Xelo! Adios, e para sempre.

Botou a porta Carmela muy de présa cal se tivera medo de se volver atrás e desapareceu a meiga visión. Xelo quedouse como aturdido e trastocado, mais volvendo seguidamente en si, puxo a boca na pechadura e dixo á grandes berros:

- ¡Carmela! ¡Miña Carmela! ¡Volve!

Mais tan sô lle chegou o sopro d'un tenro salayo que como un bico de nai veulle á refrescal-os quen-tes labios, mentras unha voz, que se adiviñaba mo-

llada en bágoas, respondíalle cal un doente eco lexano.

- ¡Adios! ¡Adios e para sempre!

A mañán seguinte sópouse con sorpresa en toda a aldea que Xelo habíase largado de súpeto, sin decir onde e sin se despedir de ninguén.

EPÍLOGO

Pasaron dez anos. Carmela, que se sentira decaer de ánemo, e á que, chamado o médico que dixo padecía unha d'esas doenzas que eles terminan en *isis* o en *itis*, fora á pasar algún tempo na montaña por consello facultativo, retornara xa á sua casa.

Prestáronlle, ao parecer, os ares das alturas e viña case boa de todo, se ben o pálido da sua côr, aumentárase, pol-o que ao vela tan branca e co seu á cotío tan serio todos deran en chamarlle a *Virxen de cera*.

Tomaba parte en total-as labores da casa, e só-mentes cando nas mais rudas faenas da labranza, poñía as forzas da sua mocidade, volvíalle por momentos o recordo d'ouros tempos e parecían esvaír-selle as sombras trirseiras que nubran seu sempre feiticeiro sembrante.

Aquel ano a anada era en todas as partes unha bendición do Ceo, xa facía tempo que os campos non rendiran tanto. Percisábanse xornaleiros pero os homes escaseaban, e as mulleres, quen mais e quen menos, todos tiñan abondo por mirar pol-o seu.

Unha das noites, cando despois do traballo, puxéranse en contos os xornaleiros, romatada a cena,

un d'eles, o mais vello de todos, que chegara aquela mañán despois de cumpril-o seu compromiso n-outro punto, falou d'un novo compañeiro que xa facía algún tempo iba d'un lado para outro, ofrecendo os seus servicios.

- Non coidedes - decía - qu'é un de tantos. Polido é ben polido e mais ten traza de caballero que de señor, pero ten boa man e lixeira para a faena e él solo fai a labor que tres de nosoutros e sin se render, sendo sempre él quen gana a cocha.

A mais non é un peilán coma nós nen fai as cousas por facer e por rutina. É moi sabido e lido e dá tan bôs consellos tocante às cousas da labranza que fai arrequecel-o sementado. Casa onde vai, xente que queda enchouchada. Xa van de facerlle boas proposicións para que n-algunha d'elas se quede de parada, mais non quere aceptar trato algún n-ese xeito. Di que o que él sabe e fai é pol-o ben de todos e que non un sô, senón os demais teñen dereito á elo.

- Home, ouservou o Sr. Manuel, se non foras ti o que o di diríache que eses son contos que van para a feira

- Pois elle certo e ben certo.

- ¡E de donde é e como se chama.

- ¿Quén o sabe? A ninguén llo dixo: el di que é de todas partes e de ningures e que non ten nome, así é que véndoo tan finiño chámamlle *O Señorito*, alcume que acepta de bon xeito.

E á propósito, Sr. Manuel, xa que vostede lle fai falta xente ¿por que non vai cabo do Señorito, para ver si quer vir traballar na sua casa? Casualmente mañán termina o trato na casa de onde eu vin hoxe.

- Tes razón, e non me parece mal. ¿él está en S. Vicenzo de Vigo na casa de Barbeito? ¿Non é así?

- Así é.

- Pois ben, mañán cedo irei falar co él.

Así o fixo e inda non rompera o día xa estaba de viaxe o señor Manuel, non sen antes lle decir á patróna que estaría de volta para o xantar do mediodía.

Con tanta estraneza de todos non o fixo así senón que chegou xa noite pecha e cando se iba á comen-zal-a cea.

Arropararon n-él unha certa aquela e certo des-acougo como quen está cheo de preocupaciós. As veces parecía que algo lle incirraba á falar mais contentábase con rosar pol-o baixo e ollando de xeito especial para a sua dona e sobre todo para a sua filla. Os mal pensados coidaban sere efecto de algún grolo botado demais no seu viaxe.

Preguntáronlle se quedara en algo co xornaleiro que fora buscar e dixo que si: que xa quedaran arreglados e que viría á mañán seguinte, indo en dereitura para a leira en que traballaban, ganando así tempo.

Logo, dirixíndose á nai e filla, prevíalle que tiñan de celebrar c'unha media festa o ter conseguido tan boa axuda e pol-o tanto que a comida das doce a levava a criada pois a filla Carmela, que era a que moitas veces a levaba para despois tomar parte nos traballos, non podía deixal-a casa porque tiña de axudar á sua casa para precurar terén todo, do xeito que lles indicou, amañado para a noite.

Así o fixo e a cousa daba xenio vela. Cubría a artesa, que facía as veces de táboa, branco mantel de liño de Padrón; a talaveira e o vidro brillaban, limpos como unha patena. Os tallos todos estaban arranxados o redor da táboa, no medio da que, como o rey no seu trono, locía un gran xerro que, á xulgar pol-o que se tiña infresado, había de estar chea do bon viño da colleita do Ferreiro, que tan sô se cata-ba nas grandes festas. A carón do xerro un gran

molete de cocedoiro d'aquela mañán, mostraba a sua dourada cortiza, sustituíndo â broa de coñío.

A cociña non estaba envolta nas sucias sombras das outras veces. A morticiña lus do candil, aceso total-as noites, estaba morta aquéla.

Fixéralle canto ao rebiricocado quinqué de petróleo que nas grandes solemnidades alumeaba colgado d'un reviraganeho sobre do centro da mesa. Pres-táballe mais craridade â cociña a labarada da lareira. — Cáseque parecía ser día craro, dixo un dos xornaleiros.

Xa facía un bon rato que estrelecera cando ouviu-se vil-a xente. Viñan entoando ledas copras e xa cerca da casa unha voz crara e doce, lanzou aos ventos a de

*Se a raíz do toxo verde
é mala de desprendere
os amoriños primeiros
son mais malos de esquencere.*

Ao escoitala Carmela deulle un brinco o curazón e pareceulle ó eco d'unha voz querida que lle traguía o recordo da triste noite no que se decidiu o seu porvir. Rompeu en quentes saloucos e asomáronse-lle as bágoas aos ollos que escaldaron as suas páe-das meixelas.

Para desemular a sua emoción púxose á remexer, co longo cullerón de pau, no pote do caldo, pendurado da gramalleira, âs caricias do lume do lar e logo á cuidar da xugosa tortilla de patacas con tropezós de chourizos que se pasaba na fixola.

Entraron os xornaleiros precedidos do señor Manuel e dempois de dal-as boas noites e se descubriren sentáronse en torno â táboa e sômentes quedou no canto da porta da cociña o novo xornaleiro.

O dono da casa dirixiuse a sua filla que mais es-

taba entregada aos seus pensamentos que ao cuidado
cena, e díxolle:

- Carmela: á ti, como mais nova da casa, tóchache
facel-os honores da casa. Invita, como é costume,
ao novo xornaleiro para que veña á se sentar ca-
bo de nós.

A rapaza, como quen volve d'un soño, obedeceu
as ordes do pai e foi cumplil-o mandado do petrucio.
Inda ben non reparou no que iba á convidar, cando
deu un forte berro de sorpresa, restregouse os ollos
como quen non vé as cousas ben craras, e trémula
coa alegría escramou, en medeo da estupefacción de
todos menos do pai que socarronamente sorría.

- ¡Xesús! ¡Xelo!...

E pareceu querer d'un brinco e no primeiro im-
pulso, se botar ao colo do rapaz; mais axiña repú-
xose do seu intento quedouse parada, baixa a cabeza
e coa cara feita unha brasa pol-a vergonza do seu
arrebato.

- Si, o mesmo, - respondeulle este adiantándo-
se - Ti non quixecheser a milla muller pol-o temor
da perda dos teus dous amores. Fixécheme así com-
prender cal debía sel-o meu deber. Eu xa amaba a
miña terra pero non estaba tan unida á ela coma ti;
ao labrala vexo como nos fai tan seus como nós a
facemos nosa; tiñas razón: na vida hai dous gran-
des cariños, o do chán onde nascimos e no que
traballamos e o do fogar, que non é compreto senón
vai parexo co da terra. Teño xa os dous mesmos
amores que ti, amores que non han de morrer ende-
xamais. E dito esto ¿queresme agora pol-o teu
marido?

Quedouse suspensa Carmela: dirixiu unha ollada
á Xelo na que iba envolta toda a sua alma, e logo,
baixo, moi baixo, toda tremante pol-a inesperada

dita, vida así de improviso e cando menos podía a esperar, non acertou senón a balbucir:

- ¿Eu? eu... farei o que os meus pais dispoñan.

- D'aquela o señor Manuel, grave e solemne, falou así:

- Sodes un dino do outro. Esta é a festa dos vosos conceitos. Recibide as bendicións dos vosos pais. Ti, Xelo, dalle unha aperta â que vai sel-a tua muller. Ti, Xela, déixate abrazar do que vai sel-o teu home. E certo que a terra chama por nós, pero inda hai outra forza moito mais podente que manda mais e que é lei universal e reguladora do mundo: o amor, esevos ordena que seades felices. Sédeo.

Uxío Carré Aldao.



O DIA DE
GALICIA

reaparecerá a revista mensual

NÓS

órgano da cultura galega

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

SUSCRICIÓN Á 12 NÚMEROS 6 PTAS.

Adeministración e imprenta

REAL, 36 - 1.º

A CRUÑA

GRAN CHAMPAN "GALICIA"

Único que compite ventaxosamente
co' as mellores marcas estranxeiras

AUGAS MINERO-MEDICINAES
BICARBONATÁDO-SÓDICAS

DE

MONDARIZ

FONTES DE GÁNDARA E TRONCO SO

AS MAIS ALCALINAS DE HESPAÑA

PROPIEDAD E DOS

FILLOS DE PEINADOR

Vinos Gallegos Selectos

Bodegas "Vinícola Gallega"

DE

Bautista López Valeiras

V I G O



REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15795